

INSTRUCCIÓN PARA TRAMITAR AS SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN

ÁS ENTIDADES GALEGAS NO EXTERIOR PARA A PARTICIPACIÓN DOS SEUS GRUPOS FOLCLÓRICOS NOS ACTOS DO VI DÍA DA GALICIA EXTERIOR. ANO 2022 (CÓD. PROC. PR938B)

Norma reguladora:

Resolución do 31 de marzo de 2022 da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as subvencións destinadas ás entidades galegas no exterior para a participación dos seus grupos folclóricos nos actos do VI Día da Galicia Exterior para o exercicio 2022 (DOG. n°67, do 6 de abril de 2022).

Finalidade:

Axudas económicas ás entidades galegas no exterior para a participación dos seus grupos folclóricos nos actos do VI Día da Galicia Exterior.

Data de celebración: **9 de xullo de 2022** (data de chegada o 07-07-2022)

Entidades que poden pedir:

As entidades galegas que estean inscritas no Rexistro da Galeguidade, con independencia da súa categoría, que **conten cun ou máis grupos de canto, música e/ou danza tradicionais**.

Aquelas institucións e asociacións sen fins de lucro radicadas fóra de Galicia que contribúan a difusión e preservación do patrimonio cultural galego a través de grupos de canto, música e danza tradicionais con actividade continuada, como mínimo, nos cinco anos anteriores a esta convocatoria.

Prazos de presentación da solicitude:

Desde o 07 de abril ata o 6 de maio de 2022

(As entidades obrigadas á presentación electrónica terán de prazo ata as 24:00 horas do día 6 de maio de 2022 - HORA ESPAÑOLA-).

A documentación hai que presentala canto antes se poida a partir do día seguinte ó que se abra o prazo. Esperar ó último día sempre acarrea problemas. As solicitudes que non teñan entrada no Rexistro o día 6 de maio serán denegadas por estar presentadas fóra de prazo.

Gastos para os que se pode pedir (gastos subvencionables):

Só son subvencionables os gastos facturados a nome da entidade que correspondan ó **desprazamento do grupo** co que se participe nos actos do VI Día da Galicia Exterior **desde o seu lugar de orixe ata Galicia e regreso** (tales como billetes de avión, envío de instrumentos, transporte interno dentro do país, visados, etc) .

Entendendo por grupo, a efectos desta convocatoria, o formado polas seguintes persoas:

- Os que forman parte do grupo folclórico que actúa
- A persoa que os dirixe

- A Persoa/s delegada da entidade responsable do grupo (o número de delegados virá dado en función do número de participantes, 1 persoa por cada 15 ou fracción se o 50% son maiores de idade e 1 por cada 10 ou fracción se o 50% ou máis son menores de idade)
- As persoas menores de idade integrantes do grupo **deberán ter cumpridos os 15 anos.**

O grupo debe contar cun **mínimo de 10 participantes, 1 director/monitor e 1 persoa delegada** da entidade responsable do grupo.

Areas diferenciadas segundo os países de orixe das entidades e **importes máximos por persoa participante** (artigo 4.4)

- a) España peninsular e Portugal 150 € por persoa participante
- b) Resto de Europa, África, Asia, Illas Canarias e Baleares: 250 € por persoa participante
- c) América e Oceanía: 1.000 € por persoa participante

As entidades poderán solicitar axuda para un **máximo de 30 persoas** (incluídos o director/ monitor, e os delegados)

SOLICITUDE - Modelo único (Anexo I)

Como se pode presentar e como hai que cubrila:

1. **As entidades con sede social en España** presentarán a solicitude **obrigatoriamente por medios electrónicos** a través do formulario normalizado que figura como ANEXO I desta resolución, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha destas entidades presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. **As entidades domiciliadas fóra do territorio español**, excepcionalmente, poderán presentar as solicitudes de xeito **presencial** en calquera dos lugares e rexistros establecidos na convocatoria (**Rexistro da Xunta de Galicia, rexistros consulares, nas Delegacións da Xunta de Galicia en Buenos Aires e en Montevideo, ou por correo postal certificado**) utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. O medio de presentación elixido manterase para calquera tipo de relación coa Secretaría Xeral da Emigración ata que remate o procedemento.

Acompañase un **modelo que se pode descargar e gardar no ordenador de cada entidade**. (*Tamén está dispoñible como ANEXO ASOCIADO na ficha de presentación, na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.*) -Este modelo só o poden utilizar as entidades domiciliadas fóra do territorio español cando opten pola presentación presencial-.

A documentación que se presente **por correo electrónico non terá validez** ós efectos de **constancia de presentación nin de cumprimento dos prazos**.

As entidades que voluntariamente opten pola presentación electrónica estarán suxeitas ós mesmos requisitos que as entidades con sede social en España.

3. Cadro de **“REPRESENTACIÓN”**:

Os datos referidos á **representación é obrigatorio cubrilos e serán os que corresponden a persoa que asina a solicitude** (ben sexa o presidente da entidade ou outra persoa física). **No caso de que non sexa o presidente** hai que enviar o documento que acredite que a persoa que asina ten poder para presentar a solicitude no nome da entidade.

4. Cadro de “DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN”:

- **Necesariamente hai que cubrir os datos do número do teléfono móbil e do correo electrónico**, ós que se lle enviarán os avisos de posta a disposición das notificacións.

Importante No caso de que a **notificación sexa electrónica** (que é obrigatoria para todas as entidades con sede en España), **ó contido da notificación só se pode acceder co certificado electrónico asociado ó NIF do representante da entidade que asine a solicitude.**

- Na **elección do medio para a notificación** ás entidades con domicilio en España e aquelas outras que voluntariamente decidiran presentar a solicitude de xeito electrónico teñen que elixir obrigatoriedade a notificación electrónica. Ás restantes entidades as notificacións efectuaranse por medios postais. **Ver o artigo 13 da convocatoria.**

5. Cadro de “DATOS BANCARIOS”:

- **Só se cubrirá** no caso de que a entidade queira que se lle faga o ingreso nunha **conta distinta** á que xa consta na Secretaría para o pago das subvencións que se lle fixeron no ano 2021, neste caso ademais de cubrir estes datos no anexo debe acompañar un certificado do banco coa identificación completa da nova conta.

6. Cadro de “GRUPO CO QUE PARTICIPA A ENTIDADE”:

É moi importante facer constar os datos que se piden nel xa que **ten repercusión na puntuación que se lle outorgue á solicitude, e ten que ser coherente coa información que consta na documentación que acompaña.**

7. Cadro de “CUSTO ESTIMADO”:

- Indicar os gastos de desprazamento, tendo en conta o número de persoas participantes, cun mínimo de 10 e un máximo de 30 e o importe por persoa segundo a área desde a que participen. **O importe do custo ten que figurar en euros.** Cando se presenten orzamentos en moeda distinta ó euro **aplicaráselle o cambio vixente o día da publicación da convocatoria.**

- No apartado de “**financiamento**” hai que especificar tódalas fontes de onde se ten previsto obter os fondos para paga-lo custo dos gastos para os que pida a subvención á Secretaría Xeral da Emigración.

O importe da subvención que se pide á Secretaría Xeral da Emigración **non pode ser superior ó 80 %** do gasto previsto sen superar as seguintes contías:

- a) España peninsular e Portugal: 150 € por persoa participante.
- b) Resto de Europa, África, Asia, Illas Canarias e Baleares: 250 € por persoa participante.
- c) América e Oceanía: 1.000 € por persoa participante.
- d) 29.500 €.

- Para cada programa a suma dos importe de tódalas fontes de financiamento ten que ser igual ó total do custo total estimado.

8. Cadro de “A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA” :

- En relación con outras axudas **é necesario que se marque unha das dúas opcións.** No caso de ter outras axudas hai que indicar o organismo, o estado (solicitada ou concedida) e o importe.

9. Cadro de “DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA”

Debe marcarse a documentación que se acompaña e enviala xunto co Anexo I (solicitude)

DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE ACOMPAÑAR Ó ANEXO I: Xunto co Anexo I é obrigatorio que se presente a seguinte documentación:

SÓ PARA AS ENTIDADES NON INSCRITAS NO REXISTRO DA GALEGUIDADE

- **Fotocopia do documento de identificación fiscal da entidade** (CUIT, RIF, catastro)
- **Documento** público acreditativo de poder suficiente da persoa física que actúe en nome e representación da entidade solicitante

PARA TODAS AS ENTIDADES SOLICITANTES

- **Orzamento ou orzamentos** realizados por empresas provedoras nos que se detalle o custo do desprazamento do grupo detallado por partidas de gasto (transporte interno, billetes avión, envío material, visados...). Cando se presenten orzamentos en moeda distinta ao euro aplicaráselle o cambio de compra vixente o día da publicación da convocatoria.

- **Memoria explicativa** que recolla os seguintes aspectos (**Anexo II**):

- 1º Accións de formación e/ou difusión do folclore galego que realice a entidade de forma continuada.
- 2º Outras accións salientables de difusión ou preservación da cultura galega realizadas pola entidade de forma continuada.
- 3º Denominación do grupo folclórico e ano de creación.
- 4º Actuacións en festivais, mostras, concertos, televisión ou similares realizadas polo grupo nos últimos cinco anos, como mínimo.
- 5º Premios, distincións ou mencións recibidas polo grupo de institucións, entidades ou medios especializados.

- **Información completa** sobre a identidade, **currículo e experiencia do/a director/a**, ou monitor/a do grupo.

- **Relación nominal** de persoas que compoñen o grupo na que conste o seu nome e apelidos, NIF ou pasaporte, a súa idade, a relación con Galicia, un correo electrónico de contacto e a aceptación do envío de información (**Anexo III**).

- **Unha gravación** en vídeo dixital (USB, CD, VCD, DVD...) das pezas coas que o grupo folclórico da entidade participará nos actos do VI Día da Galicia Exterior, que non excedan os sete (7) minutos

- **Acreditación** do/s compromiso/s da/s actuacións musicais complementarias aos actos do VI Día da Galicia Exterior

10. Cadro de “COMPROBACIÓN DE DATOS”:

Neste cadro non se ten que cubrir nada a non ser que se opoña á consulta e se se opón deberá acompañar a documentación que se pide nel.

12. Cadro de “INFORMACIÓN BÁSICA DE PROTECCIÓN DE DATOS..”:

Neste cadro **non hai que cumprimentar nada**. Só é de información para coñecemento da entidade que presenta a solicitude.

Hai que cubrir tódolos apartados.

As entidades con sede social en España e aquelas outras que así o elixiran **presentarán a documentación complementaria obrigatoriamente por vía electrónica**. As entidades responsabilízanse da veracidade dos documentos que presenten.

As entidades domiciliadas fóra do territorio español, **que presenten a solicitude de xeito presencial** deberán presentar a documentación complementaria por esta mesma vía. As copias de documentos gozarán da mesma validez e eficacia que os seus orixinais sempre que exista constancia de que sexan auténticas.

TODA A DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTE TEN QUE ESTAR **ASINADA POLO PRESIDENTE DA ENTIDADE**, ou polo representante legal sempre que se acompañe a documentación que xustifique que ten esta representación.

CRITERIOS DE VALORACIÓN E PUNTUACIÓN DAS SOLICITUDES:

Importante ver o **artigos 12** da convocatoria

REQUIRIMENTOS:

Logo de revisar a documentación presentada, calquera solicitude que non estea cuberta tal como se indicou, que non veña asinada polo presidente ou que non presente a documentación sinalada correctamente **será requirida mediante publicación dun requirimento conxunto** no taboleiro de anuncios da Secretaría Xeral da Emigración e **na páxina web galiciaaberta <http://emigracion.xunta.gal>** (en concreto, no apartado Listas a convocatorias), para que emenden o defecto que se sinala **no prazo dos 10 días seguintes** ó da citada publicación.

No caso de que non se emende neste prazo entenderase que a entidade desiste da solicitude.

Para calquera dúbida ou consulta que necesite a entidade pode facela telefonicamente ó Servizo de Promoción das Entidades Galegas a través dos Tel.: +034 981 54 58 33 e +034 981 95 71 60, ou do correo electrónico emigracion.subvencions@xunta.gal.

Santiago de Compostela,

2022